

Galiza

En

Con voz  
propia

Europa

Perfil  
**Ana Miranda**



# Ana Miranda

A actual eurodeputada do BNG conta cunha ampla experiencia europea e internacional. Defínese como nai, nacionalista galega, feminista e internacionalista. Ten 47 anos e é especialista en Dereito Comunitario pola Universidade Católica de Lovaina, despois de formarse como xurista en Santiago e A Coruña. Procedente dunha familia traballadora, desenvolve a súa traxectoria europea desde 1997.

A súa ampla experiencia en Bruxelas comeza no período entre 1999 e 2004, no que o BNG obtivo por primeira vez un escano na Eurocámara, como asistente parlamentaria do eurodeputado Camilo Nogueira. Nas eleccións de 2009 foi a cabeza de lista polo BNG e segunda na lista Europa dos Pobos – Verdes. Nesa etapa as súas prioridades foron a participación na negociación dos fondos europeos 2014-2020 e a defensa do sector naval e as actividades dos sectores produtivos galegos, así como o internacionalismo, participando no Foro Social Mundial e no Foro de Sao Paulo.

Na actual lexislatura, asumiu o escano do BNG no Parlamento Europeo no marco da coalición “Os Pobos Deciden”, formando parte das Comisións de Peticións, Pesca, Liberdades, Asuntos Económicos e Asuntos Xurídicos. O seu intenso traballo centrouse na defensa dos sectores produtivos e industriais galegos, -como a pesca, o sector agro gandeiro e o medio ambiental-, coa presentación de emendas aos orzamentos nestes eidos, a defensa dos valores democráticos e a loita contra o fascismo.

O seu esforzo neste último punto é visible ao ser relatora da Resolución contra o avance do neofascismo en Europa, aprobada na sesión plenaria do 25 de outubro de 2018 e como parte do Grupo de Memoria do Parlamento Europeo. Ten desenvolvido, asemade, unha constante defensa das persoas refuxiadas, con numerosas iniciativas e a visitando de campos e participación na misión de rescate no Mediterráneo no barco da ONG Proactiva Open Arms.